

Circular de 13 de outubro 2025- Tríatlon e Muller

**Convocatoria
Encontro de Menores
VI Edición do Programa Amazonas
Cedeira (A Coruña)**

Obxectivo: Promoción do tríatlon feminino.

Data: 18 de Outubro de 2025.

Nº Prazas: 20

Dirixido a :

- Deportistas femininas das categorías alevín, infantil, cadete e juvenil (nadas entre os anos 2008 e 2015, ambos inclusive).

- Federadas FEGATRI da tempada.
- Non federadas (*).

- Adestradoras con licenza FEGATRI.

(*) *Preferencia de inscrición para deportistas federadas FEGATRI*

Lugar de Celebración:

Punto de Encontro: Parque infantil da Praza da Constitución.
Cedeira



Inscrición e procedemento:

A inscrición será GRATUÍTA.

Prazo de inscrición: ata o mércores 15 de Outubro ás 14:00 horas.

Pódense comunicar as baixas ata o peche de inscricións enviando un email a fegatri@hotmail.com. Se unha deportista non se da de baixa a tempo, e non acude ao encontro sen causa xustificada, non poderá inscribirse no seguinte encontro.

O custe de 6 euros do seguro de un día para deportistas non federadas será subvencionado a través do programa Amazonas.

A listaxe definitiva de inscritas publicárase na páxina web da FEGATRI (www.fegatri.org) o xoves anterior ao encontro (16 de outubro de 2025)

Procedemento:

FEDERADAS: Formalízase a través da páxina Web: www.fegatri.org , dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia.

DEPORTISTAS NON FEDERADAS (LICENZA 1 DÍA): A inscrición realízase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón e Pentatlón Moderno www.fegatri.org, no apartado Competicións: Regulamentos/Inscricións. Picar sobre a carreira e ir ó enlace de INSCRICIÓN. **Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en vigor e formulario de autorización de protección de datos a través da plataforma co DNI de quen autorice a mesma no caso de menores** <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>

ADESTRADORAS CON LICENCIA FEGATRI: Formalízase a través da páxina Web: www.fegatri.org, dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia.

Outra información:

O encontro comezará ás **16:30 horas** e finalizará ás 17:45 horas.

Traballaranse aspectos técnicos e tácticos de carreira a pé.

As deportistas deberán acudir co material necesario para o desenvolvemento desta actividade (zapatillas de carreira, roupa adecuada a actividade, ...).

Para calquera dúbida ou consulta, podes enviar un correo ao seguinte enderezo electrónico triatlonemuller@fegatri.org

RESPONSABLE TÉCNICA DO ENCONTRO.

Marta Barbeito Domínguez (Adestradora Responsable do Programa Amazonas da Federación Española de Triatlón).